



**CONCELLO DE VIGO**

**CONTRATACIÓN**

Expediente 5876-446

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERA A TALA DE EUCALYPTUS NO MONTE DA GUIA**

**Cláusula 1ª**

**OBXECTO DO CONTRATO**

O obxecto da presente licitación é a tala e o aproveitamento de 106 pes de Eucalyptus cun volume de 90.889 m<sup>3</sup>, situados no monte da Guía, de propiedade municipal con referencia catastral 4784302 NG 2748 S, a limpeza dos restos da tala e a xestión de todos estes residuos.

**Cláusula 2ª**

**ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

- A dirección postal é Plaza de "El Rey", 2; 36204 Vigo.
- A dirección de Internet do órgano de contratación e o seu perfil do contratante é [www.vigo.org](http://www.vigo.org)

O servizo xestor do expediente é o de Montes, parques e xardíns.

O responsable do contrato coas competencias que lle asigna o artigo 41 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP), é o xefe do servizo de Montes, parques e xardíns.

**Cláusula 3ª**

**NATUREZA DO CONTRATO E RÉXIME XURÍDICO**

O contrato ó que fai referencia o presente Prego ten carácter de contrato administrativo especial e ambas as partes quedan sometidas expresamente, para canto non estea previsto no presente Prego, á Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e ó Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXCAP), aprobado polo Real

Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, no que non contradiga á Lei 30/2007. Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo, e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

#### **Cláusula 4ª**

##### **PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

A selección do contratista efectuarase mediante o procedemento aberto, previsto e regulado no capítulo I, do Título I, do Libro III da LCSP, seguindo a tramitación ordinaria.

O único criterio de selección será o prezo, realizándose a adxudicación a favor da oferta que conteña o prezo máis alto e á alza sobre o tipo de licitación (artigo 134.1 LCSP).

#### **Cláusula 5ª**

##### **TIPO DE LICITACIÓN**

O tipo de licitación, á alza, se fixa en 0 €.

#### **Cláusula 6ª**

##### **PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN E PRAZO**

Para tomar parte na presente licitación será preciso que o interesado aporte, dentro do prazo fixado no anuncio da licitación, a documentación que integra a proposición, dividida en dous sobres: 1) DOCUMENTACIÓN PERSOAL e 2) PROPOSICIÓN ECONÓMICA. Os sobres deberán entregarse pechados en no seu exterior figurarán, como mínimo, os seguintes datos:

- Indicación do sobre do que se trata: "Sobre número 1, documentación persoal", ou sobre número 2 "proposición económica".
- Número de expediente.
- Os seguintes datos do licitador: Nome, CIF ou NIF, dirección postal, teléfono, fax e correo electrónico
- Lugar, data e sinatura do licitador ou do seu representante.

a) O sobre "1" conterá a seguinte documentación:



## CONCELLO DE VIGO

### CONTRATACIÓN

Expediente 5876-446

#### 1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica

- Os empresarios individuais, copia auténtica do DNI.
- Os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos por que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.
- A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

#### 2º) Documentos acreditativos da representación

Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen ou quenes subscriban a proposición, xunto cunha copia auténtica do Documento Nacional de Identidade do ou dos apoderados.

**3º) Declaración responsable** formulada por quen, con poder bastante, asine a proposición, na que se faga constar expresamente, tanto no que se refire ás persoas físicas como ás persoas xurídicas concursantes:

- Que non se atopan comprendidas en ningunha das circunstancias establecidas no art. 49 e e 130.1.c) da LCSP, que impiden contratar coa Administración.
- Que se atopan ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias, tanto coa facenda do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello de Vigo e coa Seguridade Social impostas polas

disposicións vixentes.

Incorpórase como anexo I a este prego un modelo de declaración xurada.

#### **4ª) Acreditación da solvencia:**

##### **- Solvencia económica e financeira:**

Acreditarase por calquera dos seguintes medios:

- Informe de institución financeira no que se exprese concretamente que o licitador ten solvencia económica e financeira suficiente para executar este contrato, citando o seu nome e contía.
- Declaración da cifra global de negocio expresada en anualidades e referida, como máximo, ós tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó dobre do prezo do contrato.

##### **- Solvencia técnica e profesional:**

Acreditarase por calquera dos seguintes medios:

- Mediante a relación da execución de contratos de servizos ou traballos similares ós do obxecto do contrato efectuados, como máximo, nos tres últimos anos. Se indicará importe, datas e destino público ou privado e se aportarán certificados acreditativos. Se considerará acreditada a solvencia se nos tres últimos anos acreditan ter realizado contratos similares os do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ó prezo do contrato. Para a acreditación do criterio se terá en conta o disposto no artigo 67 a) da LCSP.

#### **5ª) Documentación adicional esixida a todas as empresas estranxeiras**

As empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato vaia executarse en España, deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ó licitante.

- b) O sobre "2" conterá unicamente a proposición económica que se axustará ao seguinte modelo:



## CONCELLO DE VIGO

### CONTRATACIÓN

Expediente 5876-446

"D. ...., con D.N.I. nº ....., en nome propio (ou en representación de .....), informado do procedemento para a TALA DE EUCALYPTUS NO MONTE DA GUIA, solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:

- 1.- Que acepta integramente as condicións para o alleamento.
- 2.- Propón como prezo o seguinte (IVE incluído):

Lugar, data e sinatura do licitador."

#### Cláusula 7ª

#### APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS

A cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas lle corresponde a Mesa de contratación do Concello de Vigo cuxa composición figura no perfil do contratante do mesmo aloxado na páxina WEB [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

- No día e hora anunciados no perfil do contratante do Concello de Vigo a mesa de contratación, constituída ó efecto, procederá a cualificar a documentación persoal (sobre 1).

Se a Mesa de contratación observase defectos ou omisións subsanables na documentación que se inclúe no sobre nº 1, o comunicará ós interesados por correo electrónico ou fax, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios no perfil do contratante do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou emenden ante a propia mesa de contratación.

- Unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións de que adoeceía, a mesa declarará admitidos á licitación ós licitadores que acrediten solvencia económica e técnica e o cumprimento dos demais requisitos indicados no artigo 130 da Lei, facendo declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento.

- Concluída a fase anterior, celebrarase o acto público de apertura do sobre nº 2, no día e hora anunciado no perfil do contratante do concello de Vigo. No mesmo se dará a coñecer o contido das proposicións económicas dos licitadores admitidos.
- De todo o actuado deixarase constancia no acta que necesariamente deberá estenderse.

#### **Cláusula 8ª**

##### **GARANTÍAS**

Non se esixe garantía provisional.

O licitador que resulte adxudicatario do presente contrato deberá prestar unha garantía do 5% do prezo de adxudicación, sen incluír o IVE.

A garantía poderá constituírse en calquera das formas previstas no art. 84.1 e 2 da LCSP, cos requisitos esixidos nos artigos 55 a 58 do RXCAP.

#### **Cláusula 9ª**

##### **PAGO DO PREZO**

O pago do prezo de adxudicación deberá efectuarse dentro dos quince días seguintes á formalización do contrato, e será requisito imprescindible para comezar o goce do aproveitamento.

Se o adxudicatario non pagase dentro dese prazo, perderá a garantía definitiva e anularase a adxudicación. Esta circunstancia implicará a adxudicación automática ó licitador clasificado en segundo lugar, sempre que manifeste que mantén a súa oferta, e así sucesivamente os seguintes clasificados. De non poder adxudicarse deste xeito, o contrato pasará a adxudicación directa.

#### **Cláusula 10ª**

##### **FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

A formalización do contrato se efectuará dentro dos quince días hábiles seguintes á recepción da notificación da adxudicación polos licitadores, en documento administrativo ou ben en escritura pública, a solicitude do adxudicatario, sendo do seu cargo os correspondentes gastos, conforme ó artigo 140 da Lei de contratos do sector público.



## CONCELLO DE VIGO

### CONTRATACIÓN

Expediente 5876-446

#### Cláusula 11ª

##### PRAZO DE EXECUCIÓN

A tala das árbores e a retirada da madeira e residuos se deberá levar a cabo dentro do prazo máximo de dous meses, contados a partir do día seguinte á data de formalización do contrato. A zona afectada polo aproveitamento deberá quedar libre de produtos e despozos antes de que termine dito prazo.

#### Cláusula 12ª

##### CONDICIÓN DO CONTRATO

O contrato se celebrará a risco e ventura do adxudicatario.

O adxudicatario non terá dereito a formular reclamación á administración municipal se a cantidade de madeira retirada resultase inferior á estimada polo servizo de Montes, parques e xardíns.

#### Cláusula 13ª


##### OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

Serán obrigacións do adxudicatario e correlativamente dereitos desta Administración, ademais das de carácter xeral sinaladas na lexislación vixente, as seguintes:

- A obtención das autorizacións e/ou licenzas necesarias para a realización das operacións incluídas no obxecto do contrato.
- Deixar limpa de ramaxes e demais residuos a zona de curta, dentro do prazo marcado para o aproveitamento.
- Os gastos da eliminación dos residuos.
- O aboamento dos gastos derivados dos anuncios de licitación.
- Os danos que o adxudicatario cause a terceiros ou á administración

como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

Vigo, 13 de xaneiro de 2011  
A Técnica de Administración Xeral

A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'BBR', is written over the text 'A Técnica de Administración Xeral' and extends slightly below it.

Beatriz Barbará Rodríguez





CONCELLO DE VIGO

**CONTRATACIÓN**

Expediente 5876-446



**ANEXO I**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Don/Dona ..... con D.N.I. .... con enderezo  
en .....

No caso de ser persoa xurídica:

En representación da empresa ..... constituída ..... (referencia escritura). Acreditando a súa representación a través do poder ..... (referencia escritura)

**DECLARA:**

1. Que son certos os datos indicados e que a empresa á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixido no artigo 43 e 61 da Lei de Contratos do Sector Público.
2. Que a empresa á que represento, non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no art. 49 da Lei de Contratos do Sector Público e que, especialmente, atópase ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Estado, Seguridade Social e concello de Vigo) e de seguridade social que imponen as disposicións vixentes.
3. Que coñece o prego de cláusulas administrativas particulares que serven de base ó contrato e que o acepta incondicionalmente.
4. Que acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente. A estes efectos, sinala como dirección de correo electrónico a seguinte .....
5. No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, así como o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional se acrediten mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou mediante un certificado comunitario de clasificación, o licitador manifesta que as

circunstancias reflectidas no correspondiente certificado non  
experimentaron variación.

Lugar, data, selo e sinatura